

REPASO DEMOSTRATIVOS E POSESIVOS

1. Indica os valores dos posesivos e demostrativos:

- 1) Non fas máis que lembrar o garrido que estaba Afonso daquela, pero xa pasou moito tempo.
- 2) Comiches os doces? Daquela non pidas cartos para mercar pasteis este domingo.
- 3) Se soubeses daquela que eu era a profesora de galego... Daquela non ías á clase!
- 4) Estabamos na praia, deitados na area, e nisto comezou a chuvia.
- 5) Teu avó terá os seus oitenta anos.
- 6) Eses non fan nunca nada bo.
- 7) Teño casa de meu para facer o que me pete.
- 8) Cando naceu caeu de cabeza no chan e desde aquela anda aqueloutrado, iso di ó seu pai, pero eu penso que é parvo de seu.
- 9) Foi niso cando chamaron por teléfono e tivemos que interromper a nosa conversa.
- 10) O tema daquela conferencia era moi interesante, o título tiña o seu aquel «Como criar saltóns se non tendes casa de voso».
- 11) Os xornais daquel día falaban de como os ministros aquelaron o problema do fletán.
- 12) Se esoutra rapaza é tan guapa como a túa noiva, daquela poden traballar xuntas no circo.
- 13) Non sei como explicalo, pero tedes un aquel que dá noxo só mirar para vós.
- 14) Recibiron cadanseu galano. Daquela que máis queren?
- 15) Os tres criminais recibiron cadansúa condena, a máis longa foi a daquel que vai sen barbear.
- 16) Cando falades galego tendes un aquel especial, nótase que é unha habilidade de voso.

2. Introduce no oco das frases seguintes a forma do posesivo máis axeitada.

- (amigas de ti) _____ son moi simpáticas.
- (exemplos de Pedro) _____ son moi instrutivos.
- As camisas dos (curmáns de vós) _____ teñen unhas cores rechamantes.
- Podes coller (o libro dela) _____ para consultar esa dúbida.
- As _____ terras (de nós) quedan para a outra banda do río.
- Hoxe a (de min) _____ cabeza non está para iso.
- Colle os _____ (deles) apuntamentos para estudar.
- Escoita o _____ (de nós) programa esta noite.
- Déixame as _____ follas (de ti).
- Colleu o _____ (coche de nós).
- Non quixeron quedar _____ (por culpa de nós).
- Ninguén quixo aturar _____ (o bebé deles).
- Non é moi normal _____ (a preocupación de ti) polo _____ (atraso del).
- Para proxectos _____ (de ti) precisas colaboración _____ (de nós).
- Necesito a _____ axuda (dela).
- As _____ teimas (de ti) acabarán por estragar as _____ relacións (de vós).
- É da _____ autoría (dela) pero baséase nunha idea _____ (de nós).
- O amigo _____ (de nós) xa non volveu pola _____ casa (de ti).
- _____ primo (de nós) seica se escora para _____ (a banda de vós).
- É da _____ idade (de min), non da _____ (de ti)
- (negocios deles) _____ andan un pouco mal.
- (Compañeiros de ti) _____ viñéronte buscar pola mañá.